

Criterios xerais sobre o desenvolvemento dos procesos de estabilización

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público autoriza un terceiro proceso de estabilización de emprego público. Así, adicionalmente aos procesos de estabilización que regularon os artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluíra as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, persoais ou outra forma de organización de recursos humanos, estean contempladas nas distintas Administracións Públicas, e estando dotadas presupostariamente, estean ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020.

As prazas a cubrir no proceso de estabilización deben ser ofertadas dando cumprimento aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade derivado dos anteriores. Por iso, en ningún caso cabe que se aprobe unha oferta de emprego público ou que se convoque un proceso que restrinja a participación no mesmo a aqueles que estivesen ou tiveren estado ocupando previamente esas prazas, ou outro requisito que supoña a imposibilidade de que outras persoas poidan acceder nos procedementos que se convoquen, pois así o prevén o artigo 23 da Constitución e as normas básicas da función pública.

As ofertas de emprego relativas a estes procesos de estabilización aprobaranse e publicaranse nos respectivos diarios oficiais antes do 1 de xuño de 2022, e as respectivas convocatorias antes do 31 de decembro de 2022, debendo finalizar os procesos antes do 31 de decembro de 2024.

A disposición adicional cuarta establece que as Administracións Públicas deberán asegurar o cumprimento do prazo establecido para a execución dos procesos de estabilización mediante a adopción de medidas apropiadas para un desenvolvemento áxil dos procesos selectivos, tales como a redución de prazos, a dixitalización de procesos ou a acumulación de probas nun mesmo exercicio, entre outras.

A disposición adicional novena refírese ás competencias das Comunidades Autónomas, entidades forais e locais, respecto dos procesos de estabilización e acordos coas organizacións sindicais.

As prazas destinadas á estabilización de persoal laboral indefinido non fixo así decretado por sentenza xudicial firme, convocaranse en procesos que se desenvolverán conforme as regras establecidas nos apartados anteriores, segundo a natureza das prazas.

As convocatorias das prazas deben facer referencia a que as mesmas corresponden a procesos de estabilización e identificaranse as prazas cos seus códigos

correspondentes. Informarase ao traballador de que a súa praza vai ser ofertada e de que pode no seu caso participar na convocatoria.

Dadas as características destes procesos, a Lei de Orzamentos Xerais do Estado, prevé que os mesmos sexan obxecto de negociación colectiva polo que se someterán á Mesa Xeral de Negociación, tanto a inclusión das prazas por estabilización na Oferta de Emprego como as bases xerais e específicas das convocatorias.

O sistema de selección será o de concurso-oposición para aquelas prazas ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020, cunha valoración na fase de concurso dun corenta por cento da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate podendo non ser eliminatorios os exercicios da fase de oposición, no marco da negociación colectiva establecida no art. 37.1 c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A disposición adicional sexta prevé que as Administracións Públicas convoquen, con carácter excepcional, conforme ao previsto no artigo 61.6 e 7 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016. Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez, poderán ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais.

Conforme á disposición adicional oitava, adicionalmente, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluírán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.

Considérase que non supoñen unha interrupción para estes efectos, os períodos menores de tempo nos que a praza tivera estado vacante como consecuencia da necesidade de levar a cabo os trámites administrativos correspondentes como pode ser o nomeamento dun novo funcionario ou laboral tras o cesamento do anterior.

Sobre este concurso como proceso excepcional, cabe traer a colación a doutrina fixada polo Tribunal Constitucional sobre o principio de igualdade no acceso aos cargos e empregos públicos (artigo 23.2 CE), que unicamente pode ser exceptuada por razóns excepcionais e obxectivas. Ademais, este acceso ha de ordenarse de maneira igualitaria na convocatoria mediante normas abstractas e xerais co fin de preservar a igualdade ante a lei da cidadanía, o que obriga ao lexislador e á Administración a elixir regras fundadas en criterios obxectivos e presididos polos canons de mérito e capacidade que o artigo 103.3 CE dispón (SSTC 67/1989, 27/1991 e 60/1994).

Entre as condicións que, de acordo coa xurisprudencia constitucional, han de darse para que non caiba apreciar infracción algunha do principio de igualdade de acceso a cargos e empregos públicos do artigo 23.2 da Constitución atópanse, en primeiro

SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

lugar, que se trate dunha situación excepcional; segundo, que só se acuda a este tipo de procedementos por unha soa vez, pois doutro xeito perderíase a súa condición de remedio excepcional e terceiro, que a dita posibilidade estea prevista nunha norma con rango legal (STC 12/1999, do 11 de febreiro de 1999).

Con esta disposición adicional dáse amparo normativo ao concepto xurisprudencial de interinidade de longa duración que polo seu carácter de normativa básica resulta de aplicación ao conxunto das Administracións Públicas e garante a igualdade en todo o territorio.

A Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do 24 de xuño de 2019 (rec. 1776/2016) da validez nun plan de estabilización a unha puntuación de servizos prestados na propia administración que multiplica por catro os prestados noutras.

Segundo esta sentenza, non parece arbitrario puntuar de forma distinta a experiencia, segundo se adquirise na mesma administración á que pertence a praza ou noutro posto, xa que podendo haber puntos en común, non se trata do mesmo contexto organizativo nin funcional, e non coinciden, as competencias e funcións nin a normativa a aplicar, por tanto mediando esas diferenzas non é irrazoable que tamén difira a puntuación.

Por outra banda, o Acordo sobre o desenvolvemento dos procesos de estabilización do Emprego Temporal entre a Administración Xeral do Estado e as organizacións sindicais do 11 de decembro de 2019, recolle que na fase de concurso estableceranse criterios de valoración que teñan en conta, preferentemente, os servizos prestados na Administración convocante, multiplicando por cinco os servizos prestados na Administración do Estado.

As bases xerais e específicas deste proceso de estabilización serán negociadas coa representación sindical.

-Sistema concurso-oposición. (Máximo 100 puntos).

Cando o sistema selectivo sexa o concurso-oposición, a valoración da fase de concurso será, como máximo, un 40% da puntuación total e consistirá na valoración dos seguintes méritos obxectivos:

1. Méritos profesionais, que suporán o 90% da puntuación da fase de concurso (máximo 36 puntos):
 - a) Servizos prestados con carácter temporal no mesmo corpo, escala e categoría da Deputación provincial da Coruña ao que se desexa acceder. Alcanzarase o máximo de puntuación con 6 anos de servizo (0,5 puntos por mes cun máximo 36 puntos).
 - b) Servizos prestados con carácter temporal noutros corpos, escalas ou categorías adscritos á Deputación provincial da Coruña. Alcanzarase ata o 40% do máximo da puntuación total deste mérito con 6 anos de servizo (0,2 puntos por mes cun máximo de 14,4 puntos).

SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

- c) Servizos prestados con carácter temporal no mesmo corpo, escala e categoría doutras administracións públicas ou sector público. Alcanzarse ata o 20% do máximo da puntuación total deste mérito con 6 anos de servizo (0,1 puntos por mes cun máximo de 7,2 puntos).
- d) Servizos prestados con carácter temporal noutros corpos, escalas ou categorías de calquera administración pública ou sector público. Alcanzarse ata o 10% do máximo da puntuación total deste mérito con 6 anos de servizo (0,05 puntos por mes cun máximo de 3,6 puntos).

Valoraranse igualmente os servizos prestados como persoal laboral temporal nos grupos e categorías correspondentes e como laboral indefinido non fixo recoñecido por sentenza.

- 2. Méritos académicos, que suporán o 10% da valoración da fase de concurso (máximo 4 puntos).

Incluiranse as titulacións académicas oficiais de igual nivel ou superior distintas das requiridas para o acceso á categoría correspondente. No caso de estar en posesión de varias titulacións só se valorará a de nivel superior con 0,5 puntos e con 0,08 puntos hora os cursos recibidos ou impartidos, outorgados polas administracións públicas ou homologados, ou outras entidades do sector público, ou os impartidos no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto desta convocatoria, e o coñecemento da lingua galega e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os relacionados coa prevención, a igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros.

Non se valorarán os cursos pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutoramento, os derivados de procesos selectivos nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

A fase de oposición valorarase, como máximo, cun 60% da puntuación total e constará dun exercicio dividido en dúas partes. Unha primeira parte que acredite os coñecementos teóricos necesarios para o desempeño da función e que versará sobre materias propias do acceso ao corpo, escala e categoría correspondente (máximo 30 puntos) e unha segunda parte de carácter práctico que acredite a capacidade para o desempeño da función propia do corpo ou escala ao que se quere acceder (máximo 30 puntos). O exercicio da primeira parte será en formato test e cada pregunta disporá de tres respostas alternativas, puntuando soamente as preguntas contestadas correctamente.

De forma expresa, e aos sós efectos dos procesos de estabilización de emprego temporal no ámbito local, estes rexeranse polo disposto no artigo 2 desta Lei. Non será de aplicación, por tanto, a estes procesos o disposto nos artigos 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os

SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local.

Tendo en conta o anterior e tendo en conta as convocatorias de promoción interna, o número de temas dos programas para cada un dos grupos/subgrupos serán:

A1 - 30, A2 – 25, B – 20, C1 – 15, C2 – 10, AP – 5.

O contido concreto das probas a realizar e das materias esixidas determinarase na convocatoria correspondente.

As dúas partes do exercicio non serán eliminatorias e fixarase unha puntuación mínima conxunta do 25% (15 puntos) para superar a fase de oposición.

O número de aprobados na fase de oposición será o das persoas que superen a mesma, aínda cando esta cifra exceda do número total de prazas a cubrir.

Obterán as prazas ofertadas os que superando a puntuación mínima da fase de oposición obteñan maior puntuación na suma da fase de concurso e oposición.

No sistema de concurso-oposición, no caso de empate na puntuación total terase en conta primeiro o apartado 1.a) dos méritos baremables e para desfacer o empate, a antigüidade en Deputación na mesma categoría, corpo e escala, e de persistir o empate a antigüidade na Deputación, en segundo lugar a puntuación da fase de oposición e o resto de apartados pola orde en que aparecen.

Por último, no caso de persistir o empate, se no corpo, escala, grupo ou categoría da Deputación se verificase infrarrepresentación do sexo feminino, terá prioridade a muller salvo se, considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nas persoas candidatas de ambos os sexos, existen motivos non discriminatorios para preferir ao home.

Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

-Sistema de concurso. (Máximo 100 puntos).

No sistema de concurso, a valoración dos méritos profesionais non poderán supor máis do 60% da puntuación máxima, nin os méritos académicos menos dun 40%.

En ningún caso se pode convocar un proceso que restrinja a participación no mesmo unicamente a aqueles que estivesen ou tivesen estado ocupando previamente esas prazas, nin a calquera outro requisito que supoña impedimento da posibilidade de que outras persoas poidan acceder nos procedementos que se convoquen, pois así o prevén o artigo 23 da Constitución Española e normas básicas da Función Pública.

A fase de concurso consistirá na valoración dos seguintes méritos obxectivos:

1. Méritos profesionais, que suporán o 60% da puntuación total (máximo 60 puntos):

SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

- a) Servizos prestados con carácter temporal no corpo, escala e categoría da Deputación provincial da Coruña ao que se desexa acceder. Alcanzarase o máximo de puntuación con 10 anos de servizo (0,5 puntos por mes cun máximo de 60 puntos).
- b) Servizos prestados con carácter temporal no mesmo corpo, escala e categoría noutras Administracións Públicas ou sector público ou en diferente corpo ou escala e categoría na Deputación da Coruña. Alcanzarase ata o 40% do máximo da puntuación total deste mérito con 10 anos de servizo (0,2 puntos por mes cun máximo 24 puntos).
- c) Servizos prestados con carácter temporal noutros corpos ou escalas e categorías adscritos a outras Administracións Públicas ou sector público. Alcanzarase ata o 20% do máximo da puntuación total deste mérito con 10 anos de servizo (0,1 puntos por mes cun máximo 12 puntos).

Valoraranse igualmente os servizos prestados como persoal laboral temporal nos grupos e categorías correspondentes e como laboral indefinido non fixo recoñecido por sentenza.

2. Méritos académicos, que suporán o 40% da puntuación total (máximo 40 puntos).

Valoraranse as titulacións académicas oficiais de igual nivel ou superior distintas das requiridas para o acceso á categoría correspondente valorándose con 2,5 puntos as de nivel superior e con 0,4 puntos/hora os cursos impartidos ou recibidos por Administracións Públicas ou homologados, ou outras entidades do sector público, ou os impartidos no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, o coñecemento da lingua galega e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os relacionados coa prevención, a igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros.

No caso de empate na puntuación total terase en conta primeiro o apartado 1.a) dos méritos baremables e para desfacer o empate, a antigüidade na mesma categoría, corpo e escala e de persistir o empate a antigüidade nesta Deputación, e a continuación no resto dos apartados pola orde en que aparecen e por último a infrarrepresentación feminina.

Co fin de non causar prexuízos no funcionamento da organización, finalizados os procesos selectivos, na elección das prazas convocadas terá preferencia o traballador que ocupe a praza obxecto de estabilización e supere o proceso selectivo correspondente.

As resultas serán incluídas nun concurso de traslados.

SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

Da resolución destes procesos non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos.

Corresponderá unha compensación económica, equivalente a vinte días de retribucións fixas por ano de servizo, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, ata un máximo de doce mensualidades, para a persoa funcionaria interina que estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación coa Deputación pola non superación dos procesos selectivos de estabilización.

A non participación do candidato ou candidata no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso.

Negociarase a adaptación das Bases Xerais ás correspondentes do persoal docente desta Administración Local.

Elaboraránse bolsas de persoal funcionario interino de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021 que dispón que as convocatorias de estabilización que se publiquen poderán prever para aquelas persoas que non superen o proceso selectivo, a súa inclusión en bolsas de persoal funcionario interino específicas, ou a súa integración en bolsas xa existentes, segundo a puntuación obtida conxuntamente na fase de concurso e oposición. Nestas bolsas integraranse aqueles candidatos que, participando no proceso selectivo correspondente, e non superando este, sí obteñan a puntuación que a convocatoria considere suficiente.



BASES XERAIS REGULADORAS DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN POLO SISTEMA EXCEPCIONAL DE CONCURSO E POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, EN EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2019, 2020, 2021 E AMPLIACIÓN DE 2021 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Primeira.- Previsión legal expresa.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 132, do 29 de decembro de 2021), en vigor desde o 30 de decembro de 2021, aborda importantes reformas estruturais no ámbito do emprego público co obxectivo da redución da temporalidade. Así, adicionalmente aos procesos de estabilización que regularon os artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadro de persoal ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións públicas, e estando dotadas orzamentariamente, estean ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020.

O sistema de selección previsto expresamente neste suposto é o de concurso-oposición, cunha valoración na fase de concurso dun corenta por cento da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate, podendo non ser eliminatorios os exercicios da fase de oposición, no marco da negociación colectiva establecida no art. 37.1 c) do Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

Así mesmo, na súa disposición adicional sexta prevé que as Administracións públicas convoquen, con carácter excepcional polo sistema de concurso, conforme ao disposto no artigo 61, apartados 6 e 7, do Texto refundido do estatuto básico do empregado público, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da lei, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016. Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez, poderán ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais.

Con esta disposición adicional dáse amparo normativo ao concepto xurisprudencial de interinidade de longa duración superior a cinco anos, que polo seu carácter de normativa básica resulta de aplicación ao conxunto das administracións públicas e garante a igualdade en todo o territorio.



Conforme a disposición adicional oitava, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluirán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación desta natureza, anterior a 1 de xaneiro de 2016.

Os procesos de estabilización que se convoquen ao amparo da citada lei garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrència, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, podendo articularse medidas que posibiliten unha coordinación entre as diferentes administracións no seu desenvolvemento.

Entre as condicións que, de acordo coa xurisprudencia constitucional, han de darse para que non caiba apreciar infracción ningunha do principio de igualdade de acceso a cargos e empregos públicos do artigo 23.2 da Constitución están, en primeiro lugar, que se trate dunha situación excepcional; segunda, que só se acuda a este tipo de procedementos por unha soa vez, pois doutro xeito perderíase a súa condición de remedio excepcional e terceiro, que a dita posibilidade estea establecida nunha norma con rango legal (STC 12/1999, do 11 de febreiro de 1999).

A Sentenza do Tribunal Supremo do 24 de xuño de 2019 (rec. 1776/2016) da validez nun plan de estabilización a unha puntuación superior dos servizos prestados na propia administración.

Segundo esta sentenza, non parece arbitrario puntuar de forma distinta a experiencia, segundo se adquiriu na mesma administración á que pertence a praza ou noutro posto, xa que aínda que hai puntos en común, non se trata do mesmo contexto organizativo nin funcional, e non coinciden as competencias e funcións nin a normativa que se ha aplicar, por tanto, mediando esas diferenzas non é irrazoable que tamén difira a puntuación.

Por outra banda, o Acordo sobre o desenvolvemento dos procesos de estabilización do Emprego Temporal entre a Administración Xeral do Estado e as organizacións sindicais, do 11 de decembro de 2019, recolle que na fase de concurso se establecerán criterios de valoración que teñan en conta, preferentemente, os servizos prestados na Administración convocante, así como a realización de tarefas nos ámbitos funcionais nos que se require unha maior especialización.

Negociarase a adaptación destas Bases ás correspondentes do persoal docente desta Administración Local.

Segunda. Obxecto.

As presentes Bases Xerais teñen por obxecto regular os procesos selectivos extraordinarios de estabilización de emprego temporal das prazas correspondentes aos corpos e escalas de persoal funcionario de Administración Xeral e Especial da Deputación provincial da Coruña que se convoquen ao amparo da Lei 20/2021, do 28



de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

As condicións específicas de cada proceso selectivo regularanse nas bases de cada unha das correspondentes convocatorias, conforme aos criterios acordados mediante negociación colectiva e dos cales emanan as presentes bases xerais.

Terceira. Publicidade das convocatorias e seguimento dos procesos selectivos.

3.1. As convocatorias dos procesos selectivos serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (en diante BOP) e na sede electrónica da Deputación provincial da Coruña, no Portal de Emprego Público *Convoca* (<https://dacoruna.convoca.online>).

3.2. Os anuncios das correspondentes convocatorias publicaranse no Boletín Oficial do Estado (en diante BOE) e, así mesmo, no Portal de Emprego Público *Convoca* da sede electrónica da Deputación provincial da Coruña (<https://dacoruna.convoca.online>).

3.3. Os demais actos e acordos que se diten en desenvolvemento de cada proceso selectivo publicaranse no BOP e/ou no Portal de Emprego Público *Convoca* (<https://dacoruna.convoca.online>), segundo proceda.

Cuarta. Identificación das prazas.

A identificación das prazas convocadas realizarase nas Bases específicas de cada convocatoria, con indicación da Oferta de emprego público da que derivan.

Quinta. Sistemas selectivos.

5.1. Os procesos selectivos realizaranse mediante o sistema extraordinario de concurso ou o sistema de concurso-oposición, conforme establezan as Bases específicas de cada convocatoria e en función das características das prazas obxecto de convocatoria.

5.2. Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência. En cumprimento do artigo 23 da Constitución, en ningún caso se restrinxirá a participación ao persoal temporal (funcionario interino ou persoal laboral temporal ou laboral indefinido non fixo por sentenza) que estea a ocupar ou tiña ocupado con carácter temporal as prazas obxecto de convocatoria nin se esixirá requisito ningún que supoña restrición á liberdade de acceso ao emprego público.

5.3. Os órganos de selección velarán polo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre sexos.



5.4. No sistema extraordinario de concurso, a valoración dos méritos profesionais non poderán supor máis do 60% da puntuación máxima total, nin os méritos académicos menos dun 40%.

5.5. Cando o sistema selectivo sexa o concurso-oposición, a fase de concurso representará, como máximo, o 40% da puntuación total do proceso selectivo e consistirá tanto na valoración de méritos profesionais, que suporán o 90% da puntuación da fase de concurso, como na valoración de méritos académicos, que suporán o 10% da puntuación da fase de concurso.

A fase de oposición valorarase cun máximo do 60% da puntuación total do proceso selectivo e constará dun exercicio dividido en dúas partes, que poderán realizarse en días diferentes. Unha primeira parte que acredite os coñecementos teóricos necesarios para o desempeño da función e que versará sobre materias propias do corpo e escala correspondente (máximo 30 puntos) e unha segunda parte de carácter práctico que acredite a capacidade para o desempeño da función propia do corpo e escala de acceso (máximo 30 puntos).

A primeira parte do exercicio consistirá na contestación dun cuestionario tipo test e cada pregunta disporá de tres respostas alternativas. As respostas incorrectas, non contestadas ou nulas non descontarán.

Ningunha das dúas partes do exercicio será eliminatória e fixarase unha puntuación mínima conxunta do 25% (15 puntos) para superar a fase de oposición.

Aos efectos dos procesos de estabilización de emprego temporal no ámbito local, a fase de oposición do sistema de concurso-oposición rexerese polo disposto no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Non será de aplicación, por tanto, a este procesos o disposto nos artigos 8 e 9 do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local.

O número de temas será o seguinte, atendendo ao grupo ou subgrupo ao que correspondan as prazas que se convoquen: 30 temas, en subgrupo A1; 25 temas, en subgrupo A2; 20 temas, en grupo B; 15 temas, en subgrupo C1; 10 temas, en subgrupo C2 y 5 temas para agrupacións profesionais.

Os programas que rexerán as probas selectivas detallaranse no anexo das Bases específicas de cada convocatoria. Calquera referencia normativa do programa entenderase feita ás disposicións vixentes na data de publicación no BOP das Bases específicas da convocatoria correspondente.

Sexta. Requisitos das persoas aspirantes.



As persoas participantes nos procesos de estabilización de emprego temporal que se convoquen deberán reunir, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira os seguintes requisitos, sen prexuízo dos que sinalen as correspondentes bases específicas:

a) Ter a nacionalidade española.

Tamén poderán participar, como persoal funcionario, en igualdade de condicións que os españois, con excepción daqueles empregos públicos que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións públicas:

- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea.

- O cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os descendentes menores de vinte e un anos ou maiores desta idade que sexan dependentes.

- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Os estranxeiros mencionados así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. En caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.



e) Titulación:

1. Posuír a titulación esixida nas bases específicas de cada convocatoria, ou estar en condicións de obtela antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo.
2. No caso de titulacións universitarias obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

Sexta bis. Acreditación do coñecemento da lingua galega.

As persoas aspirantes deberán acreditar estar en posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso ao correspondente grupo/subgrupo, de conformidade coa Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 146 do 30 de xullo e DOG núm. 34 do 19 de febreiro, respectivamente).

En caso de non acreditalo, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo a cualificación de apto ou non apto.

As bases específicas de cada convocatoria indicarán o título requirido en cada caso así como as características da proba.

Sétima. Acceso a profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores e exercicio destas.

De conformidade co artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, será requisito para o acceso ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, e para o exercicio destas, non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. Para estes efectos, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante unha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

Oitava. Acceso das persoas con discapacidade.

8.1. Cota de reserva por discapacidade:

As convocatorias das probas selectivas incluírán, no seu caso, unha reserva de praza/s para seren cubertas entre persoas con discapacidade _ considerando como tales as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos



das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro_, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas, de modo que progresivamente se consiga o dous por cento dos efectivos totais.

A opción ás prazas reservadas haberá de formularse na solicitude de participación no proceso selectivo; de non indicalo así expresamente, entenderase que non se opta por esta reserva. Formulada a dita solicitude, unicamente se poderá presentar por esta quenda; a contravención desta norma determinará a exclusión da persoa aspirante.

As prazas reservadas para persoas con discapacidade que queden desertas non se poderán acumular á quenda ordinaria de acceso.

8.2. Adaptación de tempo e/ou medios nos procesos selectivos:

De conformidade coa Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen os criterios xerais para a adaptación dos tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade, os aspirantes que acrediten discapacidade poderán pedir na súa solicitude as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios das probas do proceso selectivo, co fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade.

En caso de solicitar a adaptación, deberán presentar o certificado do grao de discapacidade e o Ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao da discapacidade, para acreditar as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao da discapacidade recoñecida, para os efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

Novena. Solicitudes.

9.1. Ao amparo do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude de forma telemática a través da sede electrónica da Deputación provincial da Coruña, no Portal de Emprego Público CONVOCA, accesible na ligazón <https://dacoruna.convoca.online>.

A inscrición realizarase seguindo as instrucións que aí se lle indiquen, sendo necesario identificarse mediante a plataforma de identificación e firma electrónica Cl@ve, en calquera das súas modalidades.

9.2. Se a persoa aspirante non presentase a súa solicitude de forma telemática, resultará excluída na relación provisional de persoas admitidas e, se non emendase no prazo concedido para o efecto, quedará definitivamente excluída do proceso selectivo. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de



procedemento administrativo común das administracións públicas, para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que sexa realizada a emenda.

9.3. O órgano competente poderá acordar substitutoriamente que se cubra en papel cando unha incidencia técnica debidamente acreditada imposibilitase o funcionamento ordinario dos sistemas.

9.4. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da data de publicación do anuncio da convocatoria no BOE. A falta de presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

9.5. Os erros de feito, materiais ou aritméticos que se puidesen advertir na solicitude poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou a pedimento da persoa interesada.

9.6. De conformidade co disposto na Ordenanza do uso da lingua galega da Deputación provincial da Coruña (BOP núm. 186, do 29 de setembro de 2017), os textos das probas selectivas distribuiranse, por defecto, en galego; os/as aspirantes que queiran dispor do texto das probas en lingua castelá deberán indicalo na súa solicitude. Unha vez publicada a resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas non poderán modificar o idioma das probas.

9.7. No marco da vixente normativa de protección de datos, os datos contidos na solicitude serán obxecto de tratamento automatizado pola Deputación provincial da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión do proceso selectivo.

As persoas aspirantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación provincial da Coruña ou ben na forma establecida na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio destes dereitos, poderán facer uso dos formularios publicados (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>).

9.8. Coa solicitude de participación no proceso selectivo presentarase a documentación requirida nas Bases específicas da convocatoria.

Décima. Pago da taxa por dereitos de exame.

10.1. Segundo a Ordenanza fiscal núm. 3 da Deputación provincial da Coruña, reguladora da taxa por dereitos de exame, para participar nas correspondentes probas de acceso aos corpos ou escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral



convocadas por esta Deputación provincial, será obrigatorio satisfacer os dereitos de exame, na contía que se indica:

| GRUPO/SUBGRUPO | IMPORTE DA TAXA |
|-----------------------------|------------------------|
| A1 | 32,10€ |
| A2 | 24,05€ |
| B | 20,00€ |
| C1 | 16,10€ |
| C2 | 12,10€ |
| AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS | 9,65€ |

As bases específicas da convocatoria indicarán o importe que corresponda en cada caso, en función da clasificación das prazas obxecto de convocatoria.

10.2. Este importe farase efectivo mediante autoliquidación. O impreso de autoliquidación poderase obter a través da Oficina Virtual Tributaria da Deputación provincial da Coruña. Así mesmo, poderá solicitarse no enderezo de correo electrónico atencion.tributaria@dacoruna.gal

O pago da taxa poderase realizar de forma telemática na Oficina Virtual Tributaria da Deputación provincial da Coruña ou de forma presencial nas distintas entidades colaboradoras que figuran no impreso de autoliquidación.

A documentación acreditativa do pago da taxa presentarse xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

As bases específicas de cada convocatoria indicarán a documentación que se deberá presentar para acreditar o pago da taxa.

No caso de concorrencia de causa de exención total ou parcial no pago da taxa, a persoa aspirante deberá presentar coa súa solicitude de participación a documentación coa que acredite ter dereito á exención total ou parcial, agás que na súa solicitude autorice a consulta telemática á administración competente.

As bases específicas da convocatoria recollerán as causas de exención total ou parcial no pago da taxa por dereitos de exame contempladas na Ordenanza fiscal nº 3 desta Deputación, e, así mesmo, indicarán a documentación que se deberá presentar para acreditar a súa concorrencia no caso de que a persoa aspirante non autorice na súa solicitude de participación a consulta telemática á administración competente.

10.3. A falta de pagamento ou insuficiencia da taxa, cando non quede acreditado que a persoa aspirante cumpra cos requisitos para ter dereito á exención total ou parcial no pago, determinará a súa exclusión do proceso selectivo.



10.4. En ningún caso o pago da taxa dos dereitos de exame ou a xustificación da concorrencia de causa de exención total ou parcial no pago suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso selectivo.

Décimo primeira. Admisión de aspirantes.

11.1. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, ditarase Resolución da Presidencia da Deputación Provincial declarando aprobada a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación da causa de exclusión provisional. Nesta Resolución, que se publicará no BOP e no Portal de Emprego Público CONVOCA da sede electrónica da Deputación provincial, indicárase o medio para a consulta da relación completa das persoas aspirantes admitidas, sinalándose un prazo improrrogable de dez días hábiles para emendar, no seu caso, os defectos que motivasen a exclusión ou omisión dunha persoa aspirante.

Quen, dentro do prazo sinalado, non emende a exclusión ou omisión xustificando o seu dereito á admisión, será definitivamente excluído/a de o proceso selectivo.

11.2. Finalizado o prazo de emenda, o órgano competente ditará Resolución aprobando a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, con indicación da causa de exclusión, no seu caso; nomeando ao Tribunal cualificador do proceso selectivo e anunciando data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio da fase de oposición.

A Resolución definitiva publicarase na forma indicada para a Resolución provisional.

11.3. Non procederá a devolución dos dereitos de exame nos supostos de exclusión por non emendar dentro do prazo concedido ao efecto, nin en caso de inasistencia ao exercicio.

11.4. Sen prexuízo de que á finalización do proceso selectivo se requira as persoas aspirantes que o superen a acreditación documental do cumprimento dos requisitos de participación, en calquera momento do proceso selectivo poderáselles requirir que acrediten o cumprimento dos requisitos esixidos e, de non acreditar estes, acordar a súa exclusión.

Décimo segunda. Tribunal cualificador.

12.1. Os Tribunais cualificadores dos procesos selectivos estarán constituídos por un número impar de membros, coa seguinte composición:

- a) Presidente, que será un/unha funcionario/a designado/a polo órgano competente.
- b) Vogais, funcionarios/as designados/as polo órgano competente.



c) Secretario, que será un/unha funcionario/a designado/a polo órgano competente.

Non poderá formar parte dos órganos de selección: o persoal de elección ou designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual nin as persoas que nos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso a igual categoría ou equivalente á das prazas convocadas.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo exercerse en representación ou por conta de ningún.

Os órganos de selección deberán actuar de acordo cos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e, na súa composición, tenderán á paridade entre muller e home.

Todos os membros dos órganos de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo correspondente.

12.2. De conformidade co disposto no artigo 14 da Constitución, o Tribunal velará polo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre ambos os sexos.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas que permitan as persoas aspirantes con discapacidade acreditada poder participar nas probas do proceso selectivo en igualdade de condicións.

12.3. Os órganos de selección actuarán con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e velarán pola transparencia e obxectividade do proceso selectivo, a confidencialidade das probas e o estrito cumprimento das bases da convocatoria. No entanto, o órgano de selección está facultado para resolver as dúbidas que xurdan durante a realización do correspondente proceso selectivo e para adoptar os acordos que garantan o seu adecuado desenvolvemento en todo o non disposto nas bases reguladoras da convocatoria ou no caso de dúbidas na súa aplicación.

O Tribunal cualificador actuará con suxeición ao disposto nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e demais disposicións vixentes.

O réxime xurídico aplicable aos órganos de selección axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

12.4. Na acta da sesión de constitución do Tribunal poderase acordar que os seus membros titulares e suplentes actúen de forma indistinta.



12.5. O órgano de selección poderá acordar a incorporación aos seus traballos de persoal colaborador ou asesores especialistas cando as circunstancias así o aconsellen; os asesores/as especialistas prestarán colaboración na súa especialidade técnica, con voz pero sen voto.

12.6. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir e, así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

12.7. Os membros dos Tribunais, o persoal colaborador e asesores/as terán a categoría que corresponda ao corpo, escala ou categoría da praza que se convoque, segundo o disposto no artigo 30 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo.

12.8. Para os efectos de comunicacións e demais incidencias relativas aos procesos selectivos, as persoas aspirantes poderán presentar os seus escritos a través da sede electrónica da Deputación provincial da Coruña ou en calquera das formas dispostas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

12.9. As consultas ou peticións de información sobre os procesos selectivos que convoque a Deputación provincial da Coruña poderán dirixirse á dirección de correo electrónico recursos.humanos.planificacion@dacoruna.gal.

Décimo terceira. Desenvolvemento do proceso selectivo.

13.1. Dado que as presentes Bases xerais regulan procesos selectivos derivados de diferentes Ofertas de emprego público (OEP 2019, 2020, 2021 e ampliación 2021), para os efectos da orde de actuación das persoas aspirantes terase en conta a letra "Y", resultante do último sorteo ao que se refire o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo resultado se fixo público mediante Resolución do 29 de xaneiro de 2021, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 24 do 5 febreiro de 2021.

13.2. As persoas aspirantes serán convocadas para as probas da fase de oposición en chamamento único, salvo casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados discrecionalmente polo órgano de selección. Será excluído do proceso selectivo quen non compareza, salvo casos de forza maior alegados e xustificados con anterioridade á data e hora fixada para a celebración do exercicio, que serán apreciados discrecionalmente polo órgano de selección.

Deberán acudir provistas do DNI ou documento fidedigno en vigor que acredite a súa identidade.



13.3. Concluído o proceso selectivo, o órgano de selección fará pública, no Portal de Emprego Público CONVOCA da sede electrónica da Deputación provincial da Coruña, a relación das persoas aspirantes que o superasen, con indicación da puntuación obtida.

13.4. O Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir o anonimato dos candidatos na fase de oposición. O Tribunal poderá excluír a aqueles opositores en cuxas follas de exame figuren nomes, trazos, marcas ou signos que permitan coñecer a identidade dos autores.

13.5. Os sistemas de cualificación do proceso selectivo recolleranse nas bases específicas de cada convocatoria.

No caso de concurso, os méritos profesionais suporán o 60% e os méritos académicos o 40% da puntuación total.

No caso de concurso-oposición, a fase de concurso non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración dos méritos recollidos nas bases específicas de cada convocatoria. A valoración dos méritos non poderá supor máis dun 40% da puntuación máxima total do proceso selectivo. Os méritos valoraranse con referencia á data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.

As bases específicas de cada convocatoria indicarán a documentación necesaria para a acreditación dos méritos baremables. A acreditación documental dos méritos alegados deberá realizarse dentro do prazo concedido para presentar as solicitudes de participación no proceso selectivo.

Non será necesaria a acreditación documental dos méritos alegados relativos aos servizos prestados na Deputación provincial da Coruña, que serán comprobados de oficio polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

13.6. Nos exames tipo test deberá precisarse a puntuación das respostas correctas. As respostas incorrectas, non contestadas ou nulas non descontarán. Deberase facer pública a través do Portal de Emprego Público CONVOCA da sede electrónica da Deputación provincial, a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas (incluídas as de reserva), no prazo máximo de 3 días hábiles desde a finalización da proba.

13.7. As persoas interesadas poderán presentar reclamacións ás puntuacións provisionais da fase de oposición e da fase de concurso no prazo de 3 días hábiles, contados desde o día seguinte á súa publicación no Portal de Emprego Público CONVOCA da sede electrónica da Deputación provincial.

A presentación das reclamacións realizarase na forma que se indique na publicación das puntuacións provisionais.



Á vista das reclamacións presentadas, o órgano de selección aprobará e publicará as puntuacións definitivas no Portal de Emprego Público CONVOCA da sede electrónica da Deputación provincial.

13.8. Nas actas do Tribunal cualificador deberá quedar constancia da desagregación das puntuacións outorgadas.

13.9. En calquera momento do proceso selectivo, o Tribunal poderá requirir as persoas aspirantes que acrediten a veracidade dos documentos que presenten para a súa participación. Así mesmo, en calquera momento do procedemento, se o Tribunal tivese coñecemento de que algunha non cumpre cos requisitos esixidos na convocatoria, quedará facultado para determinar a súa exclusión do proceso selectivo.

Décimo cuarta. Embarazo de risco ou parto.

Se por mor de embarazo de risco ou parto debidamente acreditados algunha das aspirantes non puidese completar o proceso selectivo ou realizar algún exercicio deste, a súa situación quedará condicionada á finalización do proceso e á superación das fases que quedasen aprazadas, non podendo demorarse estas de maneira que se menoscabe o dereito das demais persoas aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo tribunal, e en todo caso a súa realización terá lugar antes da publicación da relación de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo.

Décimo quinta. Superación do proceso selectivo e nomeamento como persoal funcionario de carreira.

15.1. Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública no Portal de Emprego Público CONVOCA da sede electrónica da Deputación provincial da Coruña a relación de persoas aspirantes que o superaron, por orde de puntuación e coa desagregación das puntuacións obtidas, e propondo o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

15.2. Esta relación elevarase ao órgano competente, que ditará resolución coa relación de aprobados. A resolución publicarase no BOP e no Portal de Emprego Público CONVOCA da sede electrónica da Deputación provincial da Coruña.

15.3. As persoas aprobadas disporán dun prazo de 20 días naturais, contados desde o día seguinte á publicación no BOP da relación de aprobados, para presentar no Rexistro Xeral da Deputación provincial da Coruña os seguintes documentos orixinais:

a) Título (ou testemuño notarial deste) esixido nas bases específicas da convocatoria para tomar parte no proceso selectivo.



- b) Declaración xurada de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- c) Declaración xurada de non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.
- d) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defectos físicos e/ou psíquicos que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido por facultativo/a de o Servizo Galego de Saúde ou similar que lle corresponda.
- e) As persoas aspirantes que fixesen valer a súa condición de persoa con discapacidade na súa solicitude de participación no proceso selectivo, deberán presentar o certificado acreditativo do grao da discapacidade e, así mesmo, o certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes, expedido polo órgano competente da administración sanitaria.
- f) Para a fase de concurso, os documentos orixinais dos presentados para a valoración dos méritos puntuables na fase de concurso.
- g) A documentación orixinal acreditativa doutros requisitos esixidos nas bases específicas de cada convocatoria.
- h) De ser o caso, certificado negativo do Rexistro de delinquentes sexuais.

Ante a imposibilidade debidamente xustificada de presentar os documentos esixidos poderase acreditar que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

15.4. As persoas aspirantes que acrediten o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria serán nomeadas persoal funcionario de carreira, en función da praza obxecto de convocatoria, mediante Resolución da Presidencia da Deputación Provincial, que se publicará no BOP e no Portal de Emprego Público CONVOCA da sede electrónica da Deputación provincial da Coruña.

Non poderán ser nomeadas aquelas persoas que non acrediten cumprir cos requisitos esixidos na convocatoria, e quedarán sen efecto as actuacións a elas relativas.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo dun mes a partir da publicación da resolución do nomeamento no BOP.

15.5. Os órganos de selección non poderán propor o acceso á condición de funcionario de carreira dun número superior de aprobados ao das prazas convocadas.



No entanto, sempre que o órgano de selección propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que de prazas convocadas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou cando da documentación achegada se desprenda que non cumpren cos requisitos esixidos na convocatoria ou por circunstancias sobrevindas se deduza a imposibilidade de incorporación dalgún aspirante antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección unha relación complementaria dos que superaran o proceso selectivo e sigan aos propostos, por orde de puntuación, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira.

15.6. O órgano de selección poderá declarar desertas aquelas prazas obxecto da convocatoria que non resulten cubertas por non superar o proceso selectivo o número suficiente de aspirantes.

15.7. O acto que poña fin ao procedemento selectivo deberá ser motivado. A motivación dos actos do órgano de selección ditados en virtude de discrecionalidade técnica no desenvolvemento do seu labor de valoración estará referida ao cumprimento das bases da convocatoria e das normas regulamentarias.

15.8. Co fin de non causar prexuízos no funcionamento da organización, concluídos os procesos selectivos, na elección das prazas convocadas terá preferencia a persoa aprobada que ocupe a praza obxecto de estabilización.

As vacantes serán incluídas nun concurso de traslados.

15.9. Da resolución destes procesos selectivos non poderá derivarse en ningún caso incremento de gastos nin de efectivos.

15.10. Corresponderá unha compensación económica, equivalente a vinte días de retribucións fixas por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, ata un máximo de doce mensualidades, para a persoa funcionaria interina ou laboral temporal que, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación de servizos coa Deputación provincial da Coruña pola non superación dos procesos de estabilización nos que participase.

A non participación do candidato/a en o proceso de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso.

Décimo sexta. Listas para seleccionar persoal funcionario interino.

De conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as convocatorias de estabilización poderán prever para aquelas persoas que non superen o proceso selectivo a súa inclusión en bolsas de persoal funcionario interino específicas ou a súa integración en bolsas xa existentes.



Nestas bolsas integraranse aqueles candidatos que, participando no proceso de estabilización correspondente e non superando este, obteñan a puntuación mínima esixida na bases específicas da convocatoria.

Segundo o previsto no artigo 3 do Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal da Deputación provincial da Coruña (BOP núm. 119, do 30 de xullo de 2020), tratándose de procesos selectivos celebrados para a cobertura de prazas incursas nos procesos de estabilización terase en conta, ademais das notas obtidas polos aspirantes que aprobasen algún exercicio (neste caso, que obteñan a puntuación mínima que se esixa na convocatoria), a puntuación obtida na fase de concurso.

Décimo sétima. Recursos.

Contra estas Bases Xerais poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á súa publicación no BOP, perante o xulgado do Contencioso- Administrativo da Coruña, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición perante o Presidente da Deputación provincial da Coruña no prazo dun mes, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.